BOLETÍN QUINCENAL MOSQUITO TIGRE
01- 15 de SETEMBRO 2026

A Rede Galega de Vixilancia de Vectores (RegaViVec) monitoriza a presenza de mosquito tigre mediante vixilancia entomolóxica específica feita polos entomólogos da rede e tamén ten en conta as notificacións da aplicación "Mosquito alert". Non obstante, cómpre sinalar que é a primeira a encargada de confirmar ou descartar a presenza deste vector no territorio.

Vixilancia do vector:

1. Identificación a través da vixilancia entomolóxicas da Regavivec

A través da Rede Galega de Vixilancia de Vectores (Regavivec) realízase unha vixilancia entomolóxica de vectores de interese para a saúde pública como é o caso de *Aedes albopictus* (mosquito tigre). Lévase a cabo fundamentalmente a través de mostraxes pasivas que consiste na colocación de trampas e posterior recollida das mostras segundo unha frecuencia estipulada. Aínda que, complementariamente e de maneira puntual, tamén se realizan mostraxes activas que se trata da recollida directa de mostras en potenciais criadoiros de mosquitos mediante a introdución dun recipiente ou "dipper".

A continuación expóñense os resultados das mostraxes pasivas analizadas ata o momento na primeira quincena de setembro do 2026 expresados en niveis de densidade das capturas (Negativo, Baixo, Medio, Moderado, Alto, Moi alto). As equivalencias cuantitativas dos diferentes niveis de densidade atópanse na seguinte ligazón da páxina web de saúde pública do sergas: Categorización de densidades de mosquitos - REGAVIVEC.pdf

Provincia	Concello	Lugar	Data recollida	Medio mostraxe	Frecuencia	Mosquito tigre
A Coruña	Coruña, A	Feáns	02/09/2026	Ovitrampa	Quincenal	Negativo
		San Amaro	02/09/2026	Ovitrampa	Quincenal	Negativo
	Santiago de Compostela	Cornes	01/09/2026	Ovitrampa	Quincenal	Negativo
		Silvouta	01/09/2026	Ovitrampa	Quincenal	Negativo
		Lavacolla	01/09/2026	Ovitrampa	Mensual	Negativo
		Cornes	15/09/2026	Ovitrampa	Quincenal	Negativo
		Silvouta	15/09/2026	Ovitrampa	Quincenal	Negativo
		Lavacolla	15/09/2026	Ovitrampa	Mensual	Negativo
Pontevedra	Baiona	Baiona	01/09/2026	Ovitrampa	Mensual	Negativo
	Bueu	Cela	01/09/2026	Ovitrampa	Mensual	Negativo
		Bueu	01/09/2026	Ovitrampa	Mensual	Baixo
	Moaña	Tirán	01/09/2026	Ovitrampa	Quincenal	Negativo
		Moaña	01/09/2026	Ovitrampa	Quincenal	Negativo
		Tirán	11/09/2026	Ovitrampa	Semanal	Negativo

CONSELLERÍA DE SANIDADE
Edificio Administrativo de San Lázaro
15703 - Santiago de Compostela
Tel. 881 542 930
www.sergas.es

		Tirán	11/09/2026	BG Sentinel	Semanal	Medio
		Moaña	11/09/2026	Ovitrampa	Semanal	Negativo
	Mos	Torroso	02/09/2026	Ovitrampa	Mensual	Baixo
		Torroso	15/09/2026	Ovitrampa	Quincenal	Negativo
	Neves, As	As Neves	01/09/2026	Ovitrampa	Quincenal	Negativo
	Poio	Lourido	01/09/2026	Ovitrampa	Mensual	Negativo
	Ponteareas	Ponteareas	01/09/2026	Ovitrampa	Semanal	Negativo
		Ponteareas	10/09/2026	Ovitrampa	Semanal	Baixo
		Ponteareas	15/09/2026	Ovitrampa	Semanal	Baixo
	Pontevedra	Mourente	11/09/2026	Ovitrampa	Mensual	Negativo
		Salcedo	14/09/2026	Ovitrampa	Quincenal	Negativo
	Porriño, O	Torneiros	11/09/2026	Ovitrampa	Semanal	Baixo
	Redondela	Vilar de Infesta	01/09/2026	Ovitrampa	Semanal	Negativo
		Vilar de Infesta	03/09/2026	BG Sentinel	Semanal	Baixo
		Chapela	03/09/2026	BG Sentinel	Semanal	Baixo
		Cedeira	07/09/2026	Ovitrampa	Semanal	Baixo
		Cedeira	07/09/2026	BG Sentinel	Quincenal	Baixo
		Chapela	07/09/2026	BG Sentinel	Semanal	Baixo
		Chapela	07/09/2026	Ovitrampa	Semanal	Negativo
		Vilar de Infesta	08/09/2026	Ovitrampa	Semanal	Negativo
		Vilar de Infesta	14/09/2026	Ovitrampa	Semanal	Baixo
		Vilar de Infesta	14/09/2026	BG Sentinel	Semanal	Baixo
		Chapela	14/09/2026	BG Sentinel	Semanal	Baixo
		Cedeira	14/09/2026	Ovitrampa	Semanal	Baixo
		Cedeira	14/09/2026	BG Sentinel	Semanal	Baixo
	Rosal, O	As Aceñas	10/09/2026	Ovitrampa	Quincenal	Negativo
	Sanxenxo	Vilalonga	08/09/2026	Ovitrampa	Mensual	Negativo
	Soutomaior	Soutomaior	02/09/2026	Ovitrampa	Quincenal	Negativo
		Arcade	02/09/2026	Ovitrampa	Quincenal	Negativo
	Tomiño	Amorín	01/09/2026	Ovitrampa	Quincenal	Negativo
		Fontela	02/09/2026	CDC UV	Diaria	Negativo
		Sobrada	03/09/2026	BG Sentinel	Semanal	Baixo
		Sobrada	08/09/2026	Ovitrampa	Quincenal	Negativo
	Tui	Guillarei	07/09/2026	Ovitrampa	Mensual	Negativo
		Randufe	07/09/2026	Ovitrampa	Mensual	Negativo
	Vigo	Cabral	01/09/2026	Ovitrampa	Quincenal	Baixo
		A Madroa	07/09/2026	Ovitrampa	Semanal	Moderado
		A Madroa	07/09/2026	BG Sentinel	Semanal	Baixo
		Teis	11/09/2026	Ovitrampa	Mensual	Negativo
		A Bouza	11/09/2026	Ovitrampa	Mensual	Negativo
		Casco Vello	11/09/2026	Ovitrampa	Mensual	Negativo

CONSELLERÍA DE SANIDADE
Edificio Administrativo de San Lázaro
15703 - Santiago de Compostela
Tel. 881 542 930
www.sergas.es

		Castrelos	11/09/2026	Ovitrampa	Mensual	Baixo
		Barreiro	11/09/2026	Ovitrampa	Mensual	Negativo
		A Madroa	14/09/2026	Ovitrampa	Semanal	Baixo
		A Madroa	14/09/2026	BG Sentinel	Semanal	Baixo
		Cabral	15/09/2026	Ovitrampa	Quincenal	Baixo

Táboa 1: Resultados das capturas das trampas nos diferentes concellos expresados en niveis de densidades (Negativo, Baixo, Medio, Moderado, Alto, Moi alto) do a 1 ó 15 de setembro do 2026.

Como se pode observar na táboa 1, na primeira quincena de setembro, analizáronse 60 mostras pasivas, 8 na provincia da Coruña e 52 na provincia de Pontevedra, sendo positivas para **mosquito tigre 24 mostras** en 8 concellos da provincia de Pontevedra (Bueu, Moaña, Mos, Ponteareas, Porriño O, Redondela, Tomiño e Vigo) e con nivel de densidade de captura de mosquito tigre baixo para todas elas, salvo a recollida o 11/09/2026 na parroquia de Tirán, no concellos de Moaña que obtivo un nivel de densidade de captura medio na trampa BG Sentinel, así como a recollida o 07/09/2026 na parroquia de A Madroa do concello de Vigo que obtivo un nivel de densidade de captura moderado na ovitrampa.

En canto a mostraxes a través da técnica "dipping" realizouse na primeira quincena de setembro 1 mostraxe activa no concello de Mondariz non detectándose nela presenza de mosquito tigre.

ReGaViVec
Rede Galega de Vixilancia de Vectores

Durante o período que vai do 1 de xaneiro ó 15 de setembro do 2026 confirmouse presenza de mosquito tigre en 10 concellos que son A Coruña, Bueu, Moaña, Mos, Ponteareas, O Porriño, Redondela, Soutomaior, Tomiño e Vigo, detectándose o vector en Mos nesta primeira quincena de setembro do 2026.

2. Identificacións a través da plataforma "Mosquito Alert"

Notificouse a seguinte información sobre a identificación de mosquito tigre a través do aplicativo Mosquito Alert:

CONSELLERÍA DE SANIDADE
Edificio Administrativo de San Lázaro
15703 - Santiago de Compostela
Tel. 881 542 930
www.sergas.es




Figura 1: Evolución temporal das identificacións de mosquito tigre e picaduras en Galicia por Mosquito Alert no período do 1 de xaneiro 2026 ó 15 setembro 2026 por Mosquito Alert

1ª quincena de setembro	Mosquito tigre	Picaduras
(1–15 de setembro)	185	154
TOTAL (ano 2026)	**356**	**491**


Táboa 2: Notificacións en Galicia por Mosquito Alert do 1 ao 15 de setembro e o total no ano 2026 do 1 de xaneiro ao 15 de agosto (mosquito tigre e picaduras).

MOSQUITO ALERT

Ao longo da tempada que vai do 1 de xaneiro ata o 15 de setembro do 2026 notificáronse exemplares de mosquito tigre en 19 concellos que son A Coruña, Bueu, Cangas, Gondomar, Marín, Moaña, Mondariz-Balneario, Mos, Nigrán, Ponteareas, O Porriño, Pontevedra, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Tomiño, Tui, Vigo e Vilaboa detectándose o vector en Gondomar e Pontevedra nesta primeira quincena de setembro.

CONSELLERÍA DE SANIDADE
Edificio Administrativo de San Lázaro
15703 - Santiago de Compostela
Tel. 881 542 930
www.sergas.es

Concellos nos que se identificou mosquito tigre (1 de xaneiro ó 15 de setembro 2026)





Vixilancia das enfermidades

Vixilancia epidemiolóxica: enfermidades Dengue, Zika e Chikungunya

O número de casos declarados (confirmados e probables) das 3 enfermidades asociadas ao vector mosquito tigre son os indicados na seguinte táboa.

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	**Total**
CHIKUNGUNYA		**1**			**1**
DENGUE	**6**		**1**	**3**	**10**
ZIKA					
TOTAL (1 xaneiro – 15 setembro 2026)	**6**	**1**	**1**	**3**	**11**

Táboa 3: Casos declarados (confirmados e probables) das enfermidades asociadas ao vector Aedes albopictus a través do sistema de vixilancia epidemiolóxica VIXÍA.

Todos os casos declarados son **importados**, non declarándose casos autóctonos.

CONSELLERÍA DE SANIDADE
Edificio Administrativo de San Lázaro
15703 - Santiago de Compostela
Tel. 881 542 930
www.sergas.es